



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PARLAMENTO DE GALICIA
O 29 DE MAIO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do "Itinerario peonil e ciclista na AC-163 en Fontán (puntos quilométricos 1+280 - 1+840) e AC-182. Treito: Mandín - As Torres (puntos quilométricos 2+460 - 2+860)", de clave: AC/16/094.06, no Concello de Sada.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteprojecto de decreto polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co concello de Baños de Molgas para a execución da obra: "Abastecemento e saneamento en Formigoso, A Acea e A Lamela, Baños de Molgas (Ourense)", clave OH.532.699, por importe de trescentos un mil setecentos noventa e sete euros con oitenta e seis céntimos (301.797,86 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual e para superar a porcentaxe nos pagamentos anticipados, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2019, por un importe total de dez millóns de euros (10.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de bases de colaboración entre o Ministerio de Educación e Formación Profesional e a Consellería de Educación Universidade e Formación Profesional, para dotar de auxiliares de conversa os centros educativos e as escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, e se autoriza a plurianualidade do gasto nel previsto, por un importe total de tres millóns catrocentos trinta e sete mil cincocentos sesenta euros (3.437.560,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Deputación Provincial da Coruña para o funcionamento do centro de formación profesional Calvo Sotelo durante o curso escolar 2019-2020, por importe de cento seis mil novecentos vinte e cinco euros con sesenta e un céntimos (106.925,61 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Deputación Provincial da Coruña para o funcionamento do centro Rafael Puga Ramón durante o curso escolar 2019-2020, por importe de catrocentos noventa mil noventa e seis euros con cincuenta céntimos (490.096,50€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura e superar a porcentaxe do pagamento anticipado previsto no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos (ATEGAL), para o financiamento das “Aulas Sénior de Galicia” e mantemento da entidade para o exercicio 2019. Importe: cento noventa mil euros (190.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e Xenética Fontao S.A. para dar continuidade ao desenvolvemento do Programa de mellora xenética do gando frisón de Galicia no período 2019-2022, por un importe total de seiscentos mil euros (600.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización da acción de investigación: “Criadeiras de bivalvos: Análise integrada de datos de cultivo (biolóxicos-microbiolóxicos) e busca de indicadores prácticos (éxito-fracaso) CIMA 18/01, por importe de setenta e oito mil catrocentos oito euros (78.408,00 €).



INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe do Programa galego de detección precoz do cancro de mama. Evolución global de resultados 1992-2018.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o plan de obras para a mellora da eficiencia enerxética e o rendemento dos centros da Consellería de Política Social.
- Informe sobre o programa “Voluntariado Sénior”.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a implantación dun novo ciclo formativo de Técnico en Producción Agroecolóxica nos centros de Formación e Experimentación Agraria da AGACAL.

A XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR SENDAS EN FONTÁN E ENTRE MANDÍN E AS TORRES, NOS CONCELLOS DE SADA E OLEIROS, CUN ORZAMENTO AUTONÓMICO DE MÁIS DE 470.000 EUROS

- ***A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade iniciará a contratación das obras este verán e procederá ao levantamento de actas previas no terceiro trimestre de 2019***
- ***Trátase da execución de 2 itinerarios mixtos nas estradas autonómicas AC-163 e AC-182, de 2 metros de largo e que suman case 1 quilómetro de novas sendas***
- ***Na estrada que comunica Sada e Mera proxéctase un itinerario en Fontán pola marxe esquerda, salvo un pequeno tramo pola dereita, de 2 metros de largo e máis de medio quilómetro de lonxitude***
- ***O segundo treito irá pola marxe dereita da estrada que vai de Espírito Santo a Oleiros, desde Soñeiro e ata As Torres, á entrada de Oleiros, comunicando dous tramos que percorren este último municipio***
- ***Esta actuación enmárcase na estratexia do Goberno galego para a promoción de contornos urbanos seguros, onde se prima a mobilidade sustentable e a mellora da accesibilidade e calidade de vida da cidadanía***
- ***As obras forman parte do Plan de sendas na comarca da Coruña, que recolle a construción de 9 itinerarios e un investimento duns 5 millóns de euros***

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe o Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción dos itinerarios peonís e ciclistas nas estradas autonómicas AC-163, en Fontán e AC-182, entre Mandín e As Torres, ao seu paso polos municipios de Sada e Oleiros.

Esta actuación conta cun orzamento autonómico de mais de 470.000 euros, no cal se inclúe o pagamento aos titulares de 2 predios situados en Sada. Cómpre sinalar que para executar o tramo previsto en Fontán era necesaria a expropiación de 12 predios, pero 10 foron cedidos polos seus propietarios.

O proxecto define a execución de 2 itinerarios nas estradas AC-163 e AC-182, cunha sección tipo de 2 metros de largo e que suman entre as dúas case 1 quilómetro de novas sendas na comarca da Coruña. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé a licitación das obras este verán e o levantamento de actas no terceiro trimestre de 2019.

Na estrada AC-163, que comunica Sada e Mera, proxéctase un itinerario peonil en Fontán, dende o punto en que finaliza a actual beirarrúa deste núcleo e a intersección coa estrada provincial DP-7506, no punto quilométrico 1+840.

Esta senda no municipio de Sada terá máis de medio quilómetro de lonxitude e executarase pola marxe esquerda da estrada, salvo un pequeno tramo pola dereita. A senda, de 2 metros de largo, será de formigón coloreado. Ademais executaranse tamén obras complementarias, como a instalación de rede de drenaxe e a reposición de peches e accesos afectados.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O segundo treito executarase na marxe dereita da estrada AC-182, de Espírito Santo a Oleiros. A intervención iníciase en Soñeiro, no punto en que rematan as actuais beirarrúas no límite entre os concellos de Sada e Oleiros, e finaliza nas Torres, á entrada de Oleiros, comunicando dous tramos que percorren este último municipio.

Esta nova senda, que xa conta nalgúns subtramos con beirarrúas que se integran no tramo, fai preciso executar un itinerario de 340 metros de lonxitude. Neste caso a sección tipo contará tamén con 2 metros de largo, e nos últimos 100 metros irá separada da calzada mediante unha cuneta transitible para resolver o desaugue das augas pluviais. A estrada xa conta con rede de pluviais, polo que unicamente será necesario colocar algún sumidoiro adicional.

A actuación nesta estrada AC-182 desenvólvese integramente na zona de dominio público viario.


Estas actuacións impulsadas polo Executivo autonómico están enmarcadas na estratexia deseñada pola Xunta para a promoción de contornos urbanos seguros, fomento da mobilidade sustentable e a mellora da accesibilidade e calidade de vida da cidadanía.

En concreto as novas sendas forman parte do Plan de sendas de Galicia, na comarca da Coruña, que recolle a definición de 6 proxectos que suman case 7 novos quilómetros de novas sendas e un investimento superior aos 5 millóns de euros. A execución destas actuacións será cofinanciada con fondos FEDER 2014/2020.

Nos seguinte planos amósanse as zonas onde se executarán as novas sendas:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta



O REGULAMENTO DA LEI DA PAISAXE CONVERTERASE NUNHA NOVA FERRAMENTA PARA CONSERVAR, PROTEXER E POÑER EN VALOR O PATRIMONIO PAISAXÍSTICO DE GALICIA

- ***Unha das novidades é que non só se aplicará ao territorio senón que tamén abranguerá a zona marítimo-terrestre e as augas interiores***
- ***Establécense dous tipos de estudos para descartar posibles incidencias, como os estudos de impacto de integración paisaxística de proxectos suxeitos a avaliación ambiental e estudos dos instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo, así como un informe de usos e actividades en solo rústico de especial protección paisaxística***
- ***O Consello da Xunta dá o visto e praxe ao inicio da tramitación deste novo instrumento que ten por obxectivo regular a protección e a ordenación da paisaxe na Comunidade galega***

O Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe autorizar o inicio da tramitación do Regulamento da Lei da paisaxe, un documento co cal se prevé mellorar a gobernanza desta. Cómpre lembrar que a Lei 7/2008, de Protección da Paisaxe de Galicia, recolle o desenvolvemento dun regulamento que ten por obxectivo regular a protección e a ordenación da paisaxe na Comunidade Autónoma de Galicia

Así, o documento aprobado hoxe, e que inicia a súa tramitación cara á súa aprobación definitiva, aplicarase non só no territorio de Galicia senón tamén na zona marítimo-terrestre e nas augas interiores, para descartar que as intervencións poidan ter algunha incidencia sobre as características e os valores propios das paisaxes mariñas e das rías, atendendo á percepción destas desde as zonas terrestres.

Grazas a este regulamento contarase cunha ferramenta que permite concretar conceptos básicos, criterios e metodoloxías relativas á paisaxe, abordados cun sentido pedagóxico, necesario para que a normativa dunha materia aínda pouco coñecida resulte eficaz.

O regulamento, que consta de 50 artigos organizados en seis capítulos, unha disposición adicional, tres disposicións transitorias, unha disposición derradeira e un anexo con definicións, determina cales son os instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe: os catálogos da paisaxe, as directrices da paisaxe e os plans de acción da paisaxe en áreas protexidas, é dicir daqueles espazos protexidos segundo dispoña na normativa vixente en materia de patrimonio natural.

Co fin de identificar e paliar os posibles impactos dos proxectos, así como determinar as medidas que sexan necesarias para a súa integración, o promotor realizará previamente ante o Instituto de Estudos do Territorio unha consulta paisaxística nos procedementos de avaliación de impacto ambiental ordinaria; mentres que no caso das tramitacións simplificadas será o órgano ambiental o que formule a consulta perante o IET. No informe que se emita indicaranse as medidas necesarias para mellorar a integración paisaxística ou un estudo de impacto de integración paisaxística (EIIP), cando estes sexan de especial

intensidade ou afecten áreas de especial protección paisaxística, delimitadas no catálogo das paisaxes.

Nese caso, estableceranse medidas preventivas e correctoras, co fin de acadar a integración paisaxística do proxecto, como, por exemplo, a recuperación topográfica de escavacións e a naturalización de noiros; a naturalización de canles abertas de derivación de cursos de auga; a reposición da vexetación afectada e a restauración das cobertoiros de solo; a integración, conservación, restauración ou traslado, segundo o caso, de elementos naturais ou culturais de valor paisaxístico; así como a ocultación de construcións ou instalacións e a redución de efectos acústicos ou olfactivos.

Instrumentos de ordenación nas políticas territoriais

Co fin de integrar totalmente a concepción da paisaxe nos diferentes instrumentos de ordenación territorial e urbanística, e en desenvolvemento da Lei do solo de Galicia, régúlase que os ditos instrumentos realizarán un estudo de paisaxe no ámbito a que se refiran e, no caso dos instrumentos de planeamento urbanístico, tamén deberán incorporar un estudo da paisaxe urbana.

Con esta medida, preténdese que os instrumentos de planeamento sexan congruentes co carácter urbano propio de cada núcleo, zona ou barrio que permitan preservar os valores paisaxísticos e contribuír á mellora da calidade dos espazos públicos. Así, os instrumentos de ordenación e urbanísticos deberán ter en conta as conclusións dos estudos da paisaxe, delimitando zonas de especial interese paisaxístico, medidas de protección e medidas para preservar as vistas de interese desde os miradoiros e sendas panorámicas -por exemplo-, e medidas para evitar os impactos paisaxísticos existentes.

Usos e actividades en solo rústico

O Regulamento -na liña do que desenvolve a Lei do solo- tamén prevé a emisión dun informe preceptivo do IET para os usos e as actividades en solo rústico de especial protección paisaxística, agás para as obras menores en que a normativa sectorial non o exixa expresamente; e para os considerados compatibles do POL -tal e como regula a Lei do solo, salvo para reformas, ampliacións ou cambios de uso de edificacións existentes.

No caso de que se estime unha incidencia de impactos negativos sobre a paisaxe, neste informe sinalaranse as medidas ou solucións de deseño que poidan reconducir e mellorar a integración paisaxística; e, nos casos en que se aprecie un impacto de especial intensidade, ábrese a posibilidade de exixir a elaboración dun estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), que terá carácter vinculante cando vulnere normativas de carácter vinculante; e que poderán considerar inviable unha determinada actuación se non se aprecian alternativas de localización ou deseño que garantan unha adecuación. En relación con outros aspectos, poderá optarse por solucións diferentes ás sinalas nos informes, sempre que se xustifique a súa congruencia coa lexislación de protección da paisaxe.

Outros instrumentos

Tendo en conta que a paisaxe é un elemento fundamental da calidade de vida das persoas, tamén debe ser o fiel reflexo dun territorio e dun ambiente de calidade, dunha sociedade moderna e consciente da importancia do seu patrimonio natural e cultural.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Nese sentido, promóvese a integración da paisaxe nas políticas territoriais e sectoriais, de modo que todo plan, programa ou proxecto derivado das políticas públicas de ordenación territorial e urbanística, ambiental, do patrimonio cultural, agrícola, forestal, social, turística, industrial ou económica... deberá tomar en consideración -na súa elaboración e execución- os valores paisaxísticos e o carácter diferenciado das grandes áreas paisaxísticas de Galicia e dos diferentes tipos de paisaxes, identificados e analizados nos catálogos da paisaxe, co fin de evitar que se produza un impacto directo ou indirecto sobre ela.

Asemade, para coñecer o estado e o avance das paisaxes de Galicia o regulamento tamén recolle a elaboración de estudos para o seguimento do estado das paisaxes, co obxectivo de reunir datos obxectivos que se precisen para o deseño das políticas públicas; así como a redacción dun informe elaborado polo IET cada catro anos e que será enviado ao Parlamento de Galicia, para avaliar o estado de conservación, transformación e evolución das paisaxes de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE BAÑOS DE MOLGAS PARA DOTAR DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO OS NÚCLEOS DE FORMIGOSO, A ACEA E A LAMELA

- ***O Goberno galego achega máis de 300.000 euros para a realización destas actuacións hidráulicas, que serán licitadas nas vindeiras semanas***
- ***Na actuación inclúese a construción de 2 ramais de conexión de abastecemento entre os núcleos de Bouzas e Formigoso, e entre os de Fondo de Vila e A Acea***
- ***Esta intervención enmárcase na colaboración da Xunta coa execución de infraestruturas en concellos que teñen un orzamento insuficiente para o seu financiamento, para dar resposta ás necesidades dos habitantes destas poboacións***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o proxecto de acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financieira da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade co Concello de Baños de Molgas para a execución das obras de abastecemento e saneamento nos núcleos de Formigoso, A Acea e A Lamela, Baños de Molgas.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, achega máis de 300.000 euros para a realización destas actuacións hidráulicas que permitirán completar os servizos de abastecemento e saneamento das poboacións deste concello ourensán, e mellorar a súa calidade de vida. As obras licitaranse nas vindeiras semanas.

Nesta intervención tamén se prevé a construción de dous ramais de conexión de abastecemento entre os núcleos de Bouzas e Formigoso, e entre Fondo de Vila e A Acea.

As actuacións obxecto desta colaboración aprobada polo executivo autonómico correspondense coa construción de infraestruturas en Concellos que teñen un orzamento insuficiente para financiar as mesmas, e comprende a execución das obras necesarias para a construción dun sistema de saneamento dimensionado para dar servizo a unha poboación estimada de 104 habitantes equivalentes para o ano 2035.

A rede de saneamento que executará terá unha lonxitude de máis de medio quilómetro de lonxitude. Como medio de depuración das augas residuais proxéctanse tres fosas sépticas con capacidade para 50 persoas en Formigoso e na Lamela, e para 30 persoas na Acea. Na Lamela prevese, ademais, a mellora da captación existente.

O proxecto tamén prevé mellorar as condicións do servizo de abastecemento de Formigoso que na actualidade se serve desde a rede de distribución de Molgas, a menos cota e co resultado de presión insuficiente. Para iso as obras prevén a conexión deste último núcleo coa rede de distribución de Bouzas mediante 1.064 metros de tubaxe, conseguindo, así, unha presión máis alta. Tamén se conectará este ramal coa rede de Molgas para, en calquera momento, poder fornecer tamén esta rede.

O núcleo da Acea non dispón na actualidade de rede de abastecemento de auga potable, polo que este proxecto prevé a subministración de auga mediante a construción dun ramal desde a rede existente no núcleo de Fondo de Vila. Esta rede de abastecemento terá unha lonxitude de máis de 700 metros.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Esta actuación do departamento hidráulico da Xunta de Galicia é cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) nun 75%, no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020.



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

A XUNTA DESTINA 10 M€ AOS PROGRAMAS INTEGRADOS PARA MELLORAR AS OPORTUNIDADES DE ACCESO AO MERCADO LABORAL DE 4000 DESEMPREGADOS

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria promoverá, a través de concellos e entidades sen ánimo de lucro, a realización de 40 iniciativas que inclúen medidas que combinan orientación e asesoramento con formación e prácticas***
- ***Darase prioridade aos concellos emprendedores e, igual que nas pasadas edicións, resérvanse 2 M€ para iniciativas destinadas especificamente a mulleres***
- ***A actuación enmárcase na Axenda 20 coa que o Goberno galego está a impulsar o emprego estable e de calidade***
- ***Desde 2009, estes programas, cun orzamento que supera os 55 millóns de euros, xa beneficiaron a 34.000 persoas***

A Xunta porá en marcha unha nova edición dos programas integrados de emprego promovidos por concellos e por entidades sen ánimo de lucro nos cales se prevé que participen 4000 persoas desempregadas co obxectivo de que poidan incrementar as súas oportunidades laborais a través de actuacións encamiñadas á especialización e ao desenvolvemento de medidas que combinen orientación e asesoramento con formación e prácticas.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria convoca esta iniciativa, que vai dirixida ás administracións locais e ás entidades sen ánimo de lucro, cun orzamento de 10 millóns de euros entre 2019 e 2020. Os beneficiarios destas axudas recibirán 2500 euros por cada persoa participante no programa.

Nesta iniciativa, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), teñen prioridade, igual que o ano pasado, os concellos emprendedores, é dicir, aqueles que forman parte do convenio que a Xunta asinou coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para impulsar en Galicia o desenvolvemento de novos proxectos industriais.

Así mesmo, e igual que nas últimas edicións, resérvase orzamento para o desenvolvemento de plans específicos para as mulleres. En concreto, destínanse dous millóns de euros a esta actuación, o que permite dar continuidade a unha das medidas do plan *Emprega en feminino*, a folia de ruta do Goberno galego para impulsar a inserción das mulleres no mercado de traballo.

Nesta convocatoria tamén se continuará primando aqueles proxectos en que se implique o tecido empresarial de cada zona –co obxectivo de que os programas se centren nas demandas laborais de cada comarca– e aqueles plans de xestión compartida para incentivar os procesos de fusión municipal. Ademais, introdúcese o colectivo de persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia e a formación está dirixida á obtención, polo menos, dun certificado de profesionalidade.

Os programas integrados de emprego, que teñen un ano de duración, están enfocados a mellorar a ocupación dos desempregados establecendo como obxectivo a inserción laboral

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

dun mínimo do 35% dos seus participantes, aínda que a inserción media que se está alcanzando nestes programas se sitúa arredor do 50%. Cada plan integrado inclúe accións personalizadas de diversa natureza, como información, orientación, asesoramento e formación, combinadas con prácticas laborais.

Desde 2009 e ata a edición anterior, o orzamento destinado pola Xunta de Galicia aos programas integrados de emprego ascende a 55,6 millóns de euros, dos cales se beneficiaron 34.000 persoas desempregadas.

Máis oportunidades laborais

A actuación forma parte da Axenda 20 para o Emprego, a planificación do Goberno galego en materia laboral para impulsar o traballo estable e de calidade e coa que se pretende en 2020 reducir a taxa de paro ata o 10% coa creación de, polo menos, 80.000 novos postos de traballo.

O Goberno galego, a través desta folla de ruta, vén activando ao longo deste ano diversos programas e axudas enfocados a ampliar as oportunidades laborais dos galegos e galegas, como son os cursos de formación para desempregados e ocupados; ou os obradoiros duais, que combinan un contrato de formación e aprendizaxe durante 9 meses e a contratación en prácticas de, como mínimo, tres meses máis nunha empresa situada no ámbito territorial onde teña lugar o obradoiro, e sempre que o traballo estea vinculado coas materias que se impartan no programa. Con este tipo de actuacións, o Goberno galego contribúe a reducir as cifras do desemprego en Galicia.



EDUCACIÓN INCREMENTA AS HORAS DE DOCENCIA DOS AUXILIARES DE CONVERSA PARA O VINDEIRO CURSO, O QUE PERMITIRÁ ACADAR UN MAIOR NÚMERO DE CENTROS ATENDIDOS

- ***A Consellería renova o seu acordo co Ministerio para incorporar o curso que vén 447 profesionais a centros plurilingües, escolas oficiais de idiomas e centros educativos con seccións bilingües***
- ***A eles sumaranse outros auxiliares a través dos acordos coa Comisión Fulbright, os institutos Confucio e Camões e coa Académie de Amiens, cuxo número aínda está pendente de concretarse***
- ***O número de horas de apoio pasará de 12 a 16 horas semanais por auxiliar, o que permitirá aumentar o número de centros escolares atendidos***
- ***A Consellería destina preto de 3,5 millóns de euros a esta acción, o que supón un 20% máis ca o presente curso***
- ***Esta actuación enmárcase na Estratexia galega de linguas estranxeiras, EDUlingüe 2020***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Ministerio de Educación e Formación Profesional para a selección de 447 auxiliares de conversa asignados a Galicia o vindeiro curso escolar 2019/20. A eles quedan por engadir os outros auxiliares, ben financiados pola Consellería ou ben a través da colaboración co Ministerio, coa Comisión Fulbright, co Instituto Confucio, co Instituto Camões e coa Académie de Amiens, cuxo número exacto se concretará nos próximos días.

O convenio co Ministerio ascende a preto de 3,5 millóns de euros, o que supón un incremento dun 22,2% da contía con respecto aos case 2,9 millóns de euros deste ano. Isto permitirá que se aumenten en 4 o número de horas de apoio destes profesionais nas aulas, ao pasar das 12 ás 16 semanais o próximo curso e, ao mesmo tempo, incrementar o número de centros educativos atendidos en 2019/20 con respecto aos 576 no presente curso.

Por idiomas, 422 serán auxiliares de lingua inglesa, 14 de lingua francesa, 7 de lingua alemá, 2 de lingua portuguesa e outros 2 de lingua chinesa. Estes profesionais desenvolverán o seu traballo maioritariamente en centros plurilingües, escolas oficiais de idiomas e centros educativos con seccións bilingües. Así mesmo, recibirán unha axuda económica e realizarán funcións de apoio á docencia da lingua estranxeira no centro de destino, sempre supervisados por unha persoa profesora titora-coordinadora.

Estadía integramente financiada pola Consellería

O Ministerio ocuparase de seleccionar os auxiliares e enviar a relación detallada antes do inicio do curso escolar, mentres que a Consellería, que financia integramente a súa estadía na Comunidade, será a encargada de adxudicalos aos diferentes centros plurilingües, con seccións bilingües ou escolas oficiais de idiomas. Ademais, tamén organizará unha xornada de acollida dirixida a todos os auxiliares participantes.

Cómpre destacar que no presente curso houbo un total de 385 centros plurilingües (con plurilingüismo en Primaria ou Secundaria); 142 ampliaron o ensino plurilingüe a Infantil, 8

introducírono en Bacharelato e 22 centros a Formación Profesional. En canto ás seccións bilingües, hai un total de 4.441.

Colaboración con Confucio, Camões e Fulbright

A estes 447 auxiliares deste acordo engadiranse proximamente o resto dos auxiliares que se incorporarán ao sistema educativo galego, ben financiados pola Consellería ben a través da colaboración interinstitucional co propio Ministerio, co Instituto Confucio, co Instituto Camões, coa Académie de Amiens e coa Comisión Fulbright, e que cuxo número exacto está pendente de concretar á espera de tramitar os respectivos convenios. Cómpre lembrar que no presente curso foron 124 os auxiliares que prestaron servizo con cargo a estes convenios (94 do acordo con Confucio, Camões e a Académie de Amiens; e 30 auxiliares Fulbright)

Achegamento á cultura doutros países

A figura do auxiliar de conversa é un elemento clave para achegar a realidade cultural e lingüística do seu país de orixe ao alumnado galego. Deste xeito, estas persoas levan a cabo un importante servizo complementario, ao apoiaren o labor do profesorado, facilitando as prácticas de conversa en linguas estranxeiras. Ademais, representan un auténtico vehículo de achegamento á cultura dos países onde se fala a lingua obxecto de estudo, polo que contribúen a reforzar o labor docente na compoñente de multiculturalidade.

A maiores, e debido ao alto perfil académico dalgunhas persoas candidatas, é previsible que sumen un alto valor engadido aos proxectos plurilingües, por exemplo en ámbitos como os de materias STEM (ciencias, tecnoloxía, enxeñarías e informática).

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN APOIARÁ CON 597.000 EUROS O FUNCIONAMENTO DO IES RAFAEL PUGA RAMÓN E DO CENTRO DE FP CALVO SOTELO, DEPENDENTES DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación da colaboración coa institución provincial para este fin***

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional achegará 597.022,11 euros para apoiar o funcionamento no curso 2019/20 do Instituto de Educación Secundaria Puga Ramón e do centro de formación profesional Calvo Sotelo, ambos dependentes da Deputación da Coruña e situados na cidade herculina. O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación da colaboración, a través da sinatura de dous convenios, coa institución provincial para este fin.

O orzamento destinado pola Consellería destinarase a financiar durante o vindeiro curso parte dos gastos de persoal (persoal docente e de administración e servizos), gastos xerais (subministración, reparacións), mantemento, limpeza e conservación.

O departamento educativo da Xunta de Galicia vén prestando o seu apoio á Deputación para o soporte destes dous centros educativos desde hai anos, de tal xeito que a renovación desta colaboración dá continuidade ao compromiso da Consellería de manter o servizo público educativo de todos os alumnos e alumnas que están escolarizados nestes centros.

A XUNTA GARANTE A CONTINUIDADE DAS AULAS SÉNIOR DA ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA DE FORMACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS

- ***Destínanse 190.000 euros a este programa no cal participan cada ano máis de 1000 persoas***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos (Ategal) que dá continuidade ao desenvolvemento das aulas sénior de Galicia un ano máis. O orzamento deste acordo ascende a 190.000 euros.

Máis de un milleiro de persoas participan anualmente na programación de Ategal, que engloba actividades de formación dirixidas ás persoas maiores en catro áreas diferentes. Na área cultural inclúense seminarios de historia, de linguas, de literatura e de xeografía; a de dinámica ocupacional conta con obradoiros de debuxo, pintura, manualidades, teatro ou música; na área de saúde integral ofrécense actividades como ximnasia, ioga, tai-chi, pilates ou obradoiros de memoria; e dentro do ámbito do lecer organízanse viaxes de fin de curso, visitas culturais, asistencia a concertos, conferencias ou encontros entre as diferentes aulas sénior.

Este acordo enmárcase na aposta da Xunta de Galicia por apoiar todas aquelas iniciativas que favorezan o envellecemento activo. Trátase de que as galegas e galegos de máis idade teñan ao seu alcance unha ampla oferta de actividades de estimulación física e intelectual nas cales poidan participar e que lles proporcionen máis benestar e calidade de vida.

A XUNTA REFORZA A COLABORACIÓN CON XENÉTICA FONTAO PARA A MELLORA DO GANDO FRISÓN CUNHA NOVA ACHEGA DE 600.000 EUROS

- ***O Consello autorizou a sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e Xenética Fontao para continuar co Programa de mellora xenética do gando frisón en Galicia no período 2019-2022***
- ***Xenética Fontao comprométese a facilitar aos gandeiros, de xeito gratuíto, unha achega mínima de 43.000 doses de sementais e touros probados de alto valor xenético***
- ***Os obxectivos do acordo son, por un lado, mellorar a rendibilidade das explotacións e a profesionalización do sector e, por outro, permitir aos gandeiros acceder a material xenético de alta calidade en condicións económicas vantaxosas***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e Xenética Fontao para continuar co desenvolvemento do Programa de mellora xenética do gando frisón en Galicia no período 2019-2022. A iniciativa está dotada cun total de 600.000 euros.

O obxecto deste convenio é, por un lado, establecer as condicións da colaboración entre ambas as partes para continuar co desenvolvemento do Programa de mellora xenética da raza frisona de Galicia, contribuíndo deste xeito a mellorar a rendibilidade das explotacións leiteiras e á profesionalización do sector.

Por outra banda, trátase de permitir aos gandeiros galegos que colaboran no control leiteiro oficial (son uns 2.800 en total) e que estean inscritos no libro xenealóxico da raza frisoa, acceder a material xenético de sementais de elite a nivel mundial en condicións económicas moi vantaxosas, así como a material xenético de sementais en proba de Xenética Fontao de xeito gratuíto.

Así, en virtude deste convenio, Xenética Fontao comprométese, entre outras cousas, a realizar un programa de testaxe anual dun número mínimo de 40 sementais, dos cales se facilitará aos gandeiros en control leiteiro oficial, de xeito gratuíto, unha achega mínima anual de 35.000 doses para garantir a súa proba. Así mesmo, realizará tamén outra achega gratuíta aos gandeiros dun mínimo de 8.000 doses anuais de touros probados de alto valor xenético ás gandarías participantes no programa.

Sector lácteo

Os programas de mellora e selección de gando son imprescindibles para unha gandaría moderna, eficiente e competitiva. Neste caso, a selección xenética da raza frisoa vai parella ao desenvolvemento do sector lácteo de Galicia. O actual Programa de mellora Xenética de Galicia resulta da revisión e actualización dos anteriores, salvagardando os seus aspectos básicos e introducindo os axustes necesarios para adaptarse á evolución científica e aos cambios socioeconómicos do sector leiteiro galego.

A través desta iniciativa, a Xunta dá un novo respaldo ao sector leiteiro galego e prosegue coa aposta polos gandeiros galegos, para facelos máis competitivos e rendibles nun mercado cada vez máis exixente. Ademais, pon á disposición dos produtores galegos



técnicas innovadoras no campo da mellora animal, favorecendo o posicionamento da xenética galega na vangarda da selección mundial.

Xenética Fontao

Xenética Fontao S.A. é unha empresa pública participada pola Xunta de Galicia e polas asociacións de gandeiros Fefriga (Federación Frisona Galega) e Acruga (Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto da Raza Rubia Galega). Ten a súa sede en Lugo.

É un actor fundamental na mellora xenética gandeira de Galicia a través da xestión do centro de sementais, do banco de xermoplasma e mediante a prestación de servizos ao sector agrogandeiro de analítica molecular utilizando a biotecnoloxía do ADN e novas tecnoloxías reprodutivas como a fecundación *in vitro*. Ademais, Xenética Fontao realiza proxectos de innovación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica de grande importancia no sector.



MAR DESTINA PRETO DE 80.000 EUROS A INVESTIGAR MELLORAS NA PRODUCCIÓN DE SEMENTE DE MOLUSCOS BIVALVOS EN CRIADEIROS

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para estudar o xeito de reducir os episodios de mortalidade nos cultivos larvarios en criadeiros***
- ***Os resultados axudarán a mellorar e aumentar a produción de semente para solucionar os problemas de abastecemento de xuvenís por parte do sector***
- ***O orzamento do acordo ten como obxectivo compensar os custos en que incorre a institución académica para a realización dos traballos***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago (USC) para estudar melloras na produción de semente de moluscos bivalvos en criadeiros e solucionar os problemas de abastecemento de xuvenís, que está lonxe de cubrir as necesidades do sector. O executivo galego destina ao desenvolvemento da acción de investigación un orzamento de preto de 80.000 euros repartido en dúas anualidades, 2019 e 2020, coa finalidade de compensar os custos en que incorre a USC para o desenvolvemento dos seus traballos.

A acción de investigación Criadeiros de bivalvos: Análise integrada de datos de cultivo (biolóxicos-microbiolóxicos) e busca de indicadores prácticos (éxito-fracaso) supón continuar co estudo da produción de semente en criadeiros pero neste caso para comprobar o efecto que teñen as bacterias presentes nos adultos reprodutores nas desovas de gametos ou larvas, que constitúen unha importante vía de entrada de parasitos e xeran episodios de mortalidade que lastran esa produción.

O convenio aspira a que os traballos conxuntos do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), dependente da Consellería do Mar, e da USC permitan identificar patróns, tendencias ou relacións entre distintos parámetros que axuden a establecer vencellos entre os proxenitores e o éxito/fracaso dos cultivos. O CIMA de Ribadeo encargárase dos aspectos relacionados co cultivo e o grupo da USC cos da microbioloxía, mentres que a integración dos resultados e a súa análise se realizarán de xeito conxunto.

Os resultados axudarán a avanzar no coñecemento dos problemas que afectan os criadeiros de bivalvos, actualizando e optimizando o seu funcionamento, e a mellorar e aumentar a produción de semente competente, un aspecto chave na actualidade pois a capacidade de produción de semente en criadeiro está lonxe das necesidades do sector, que sofre problemas de abastecemento. Esa mellora na produción facilitaría unha maior sustentabilidade e rendibilidade dos bancos marisqueiros.

Co obxectivo de asegurar o debido cumprimento do acordo crearase unha comisión de seguimento por un membro da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar e un representante da USC. Esta comisión será o mecanismo de actuación conxunta para garantir o cumprimento do convenio.

O PROGRAMA GALEGO DE DETECCIÓN PRECOZ DO CANCRO DE MAMA ESTÁ PLENAMENTE IMPLANTADO EN GALICIA CUNHA PARTICIPACIÓN DO 78,94%

- ***Esta taxa de participación supera os estándares europeos de calidade dende a súa implantación en 1992, tanto no valor aceptable (70%) como no desexable (75%)***
- ***No ano 2018, explorouse un total de 167.733 mulleres, a cifra máis alta rexistrada dende o inicio do programa***
- ***En total nestes anos de programa supervisáronse máis de 2,5 millóns de mulleres galegas***
- ***Os estudos de supervivencia e os da evolución da mortalidade avalan o impacto positivo do programa sobre estes factores, aínda que cómpre tamén sinalar a influencia doutros factores como as melloras nos tratamentos***

O conselleiro de Sanidade informou o Consello da Xunta da evolución global dos datos do Programa galego de detección precoz do cancro de mama (PGDPCM) entre 1992-2018. A participación global obtida foi do 78,94% que supera os valores establecidos polas *Guías europeas de garantía de calidade en cribado e diagnóstico mamográfico* tanto no valor aceptable (situado no 70%) e no desexable (situado no 75%) de forma continuada dende 2006.

No período 1992-2018 realizáronse 2.555.261 exploracións. Máis do 97% das mulleres obtiveron un resultado normal na exploración mamográfica e ao 2,88% das mulleres exploradas indicóuselles unha valoración clínica adicional.

Entre 1992 e 2017 diagnosticáronse 8.598 cancros entre as pacientes remitidas ao hospital para estudo. Isto supón unha taxa de detección global neste período de 3,6 cancros por 1.000 mulleres exploradas. Con datos provisionais, en 2018 diagnosticáronse 655 casos de cancro de mama.

En relación co ano 2018, acadouse unha participación do 80,91% e revisouse un total de 167.733 mulleres, a cifra máis alta rexistrada de mulleres exploradas. Na gran maioría das exploracións o resultado da mamografía foi a ausencia de lesións sospeitosas; tan só un 2,45 % das mulleres exploradas neste ano (4.114 mulleres) foron remitidas a unha unidade de diagnóstico e tratamento para complementar as probas realizadas e obter un diagnóstico definitivo.

Impacto sobre a mortalidade e supervivencia

Segundo varios estudos realizados pola Dirección Xeral de Saúde Pública cos datos do programa entre 1980-2012, en mulleres de 50-69 anos producíronse 910 menos mortes por cancro de mama das esperadas. É dicir, a mortalidade por cancro de mama en mulleres galegas que participan nos cribados descendeu en máis dun 20% respecto do previsto sen cribado.



Este efecto representa un impacto positivo do programa, aínda que non pode ser diferenciado totalmente doutros factores, como poden ser as melloras no tratamento do cancro de mama.

Ademais, estudouse tamén a supervivencia das mulleres galegas entre 50-69 anos diagnosticadas de cancro de mama no período 1996-2009. As mulleres participantes no programa presentaron mellor supervivencia relativa que as do mesmo grupo de idade diagnosticadas á marxe do programa, cunha supervivencia relativa aos 5 anos de seguimento do 96,6% fronte ao 83'1%.

Características do programa galego

A Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade puxo en marcha en 1992 este programa coa finalidade de abordar o problema de saúde que supón o cancro de mama. A poboación obxectivo a que está dirixido o programa son as mulleres entre 50 e 69 anos, tal e como marcan as directrices da Unión Europea. A proba básica de cribado é a mamografía cunha periodicidade de dous anos. Realízanse dúas proxeccións mamográficas (cranio-caudal e oblicua-medio-lateral) en cada mama.

A citación é persoal e por carta. Envíase nos 10-15 días previos a cita e nela especifícanse o lugar, día e hora en que debe de acudir para a realización da proba mamográfica. Se a muller non acode, envíase unha nova citación, tamén por carta. Se o resultado é negativo, as mulleres reciben a información por carta personalizada, recomendándolles seguir no Programa e convidándoas a repetiren o estudo ao cabo de dous anos. No caso de que sexa necesario realizar unha valoración clínica adicional para chegar a un diagnóstico, infórmase por carta certificada e con xustificante de recepción. Nela facilítaselles unha cita para seren atendidas nunha unidade hospitalaria de diagnóstico e tratamento. Esta carta remítese tres días antes da cita e ademais, dous días antes da cita chámase a muller por teléfono para confirmala.

A XUNTA INVESTIRÁ 13,7 MILLÓNS DE EUROS DO SEU SUPERÁVIT NA MELLORA DUNHA TRINTENA DE SERVIZOS SOCIAIS EN TODA GALICIA

- ***Beneficiará a máis de 50.000 persoas usuarias de residencias e centros de día, centros de atención a persoas con discapacidade, centros de menores e sociocomunitarios, e albergues xuvenís***

O Consello da Xunta de hoxe revisou as actuacións de mellora que entre este ano e o que vén se levarán a cabo en 34 centros da área de servizos sociais distribuídos por toda a xeografía galega. Este plan de obras suporá un investimento de 13,7 millóns de euros procedentes do superávit autonómico de 2018.

Prevese que estas actuacións de reforma e modernización de equipamentos beneficiarán a máis de 50.000 persoas que son usuarias destes servizos, entre residencias, centros de día e de atención a persoas con discapacidade, centros de menores e sociocomunitarios, e albergues xuvenís. O obxectivo deste plan é dobre: por un lado, mellorar a comodidade e o benestar dos usuarios dos centros e, por outro, incrementar a eficiencia enerxética destes edificios, algo que beneficiará ao medio ambiente e reducirá o gasto necesario para manter o centro a unha temperatura óptima.

En concreto, na provincia da Coruña contéplanse nove intervencións: repararase a cuberta do centro de menores San José de Calasanz; farase máis eficiente o centro de menores de Ferrol e substituirase a instalación de auga quente; renovarase a calefacción dos centros sociocomunitarios da Coruña; mellorarase a envolvente térmica do centro de discapacidade da Coruña; instalarase unha caldeira de biomasa e unha piscina coñecida como “vaso terapéutico” no centro de discapacidade Souto de Leixa, en Ferrol; renovarase os cerramentos exteriores do Cegadi, en Santiago; substituiranse as envolventes das residencias de maiores de Ferrol, Carballo e A Pobra; dotarase dun sistema de protección solar permanente e renovarase os ascensores da residencia de maiores Torrente Ballester da Coruña e instalarase unha caldeira de gas cidade na residencia de maiores Porta do Camiño, de Santiago.

Na provincia de Lugo, o plan recolle catro actuacións: a reforma integral no centro de menores Santo Anxo da Garda de Rábade e no centro de discapacidade de Sarria, incluída unha mellora da cociña do centro; renovarase as instalacións dos centros sociocomunitarios da provincia; mellorarase as envolventes das residencias de maiores de Monforte de Lemos e Burela; afrontarase a mellora do albergue xuvenil de Area, en Viveiro, e substituirase a fontanería do campamento da Devesa, en Ribadeo.

En Ourense, están proxectadas seis obras de mellora que consistirán na reparación dos centros de menores de Montefiz e A Carballeira; a renovación total da residencia de maiores de Castro Caldelas; a instalación dun sistema de climatización na residencia da Nosa Señora dos Milagres, en Barbadás; a modernización dos centros sociocomunitarios da provincia; o cambio da instalación de fontanería na residencia xuvenil Florentino Cuevillas de Ourense; e a substitución do sistema de calefacción da residencia de tempo libre do Carballiño.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

E por último, na provincia de Pontevedra levaranse a cabo dúas reformas integrais: a do centro de menores Avelino Montero, en Pontevedra, e a da residencia de maiores de Campolongo, tamén na cidade do Lárez. Ademais, reformarase o exterior e o interior do centro sociocomunitario do Calvario, en Vigo; mellorarase a instalación de auga quente na residencia de tempo libre de Panxón; daráselle un importante lavado de cara á residencia xuvenil Altamar, en Vigo, onde se cambiarán envolventes, cerramentos, aulas, habitacións e instalacións; mellorarase o illamento da residencia de maiores da Estrada e do centro ocupacional do Saiar, en Caldas de Reis; e renovarase a cociña e cambiaranse as ventás da planta baixa do centro de discapacidade de Vigo.



A XUNTA DE GALICIA FOMENTA A PARTICIPACIÓN DOS MAIORES DE 55 ANOS A TRAVÉS DO NOVO PROGRAMA VOLUNTARIADO SÉNIOR

- **Investirá 120.000 euros en axudas a entidades de voluntariado e aos concellos para que realicen accións voluntarias coa implicación das galegas e galegos de máis idade**
- **Os proxectos estarán relacionados, entre outras temáticas, coa promoción do Camiño de Santiago e o Xacobeo 2021, a conservación e mellora da natureza, a igualdade de xénero, o benestar dos maiores ou o fomento da cooperación interxeracional**

O Consello da Xunta de hoxe deu luz verde a un programa pioneiro denominado Voluntariado Sénior que ten como finalidade estimular a participación dos maiores de 55 anos en actividades de acción voluntaria. A Administración autonómica investirá 120.000 euros en axudas a entidades e aos concellos inscritos no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia para que realicen proxectos coa implicación das galegas e galegos de máis idade.

Con esta iniciativa, a Xunta cumpre un triplo obxectivo. O primeiro, manter a Galicia como comunidade de referencia neste ámbito, con máis de 8100 persoas que participaron en iniciativas autonómicas de voluntariado en 2018, un 5% máis que o ano anterior. O segundo é contribuír ao envellecemento activo e o terceiro obxectivo consiste en aproveitar os coñecementos e a experiencia dun grupo da poboación que ten unha importancia vital a nivel social.

As xornadas de voluntariado que se beneficien desta nova liña de axudas deberán ser de tres horas diarias como mínimo e ter unha duración de entre 15 e 60 días. Desenvolveranse entre xaneiro e outubro de 2019 e contarán con ata oito persoas voluntarias por proxecto. Como máximo, cada entidade poderá recibir 2.400 euros de axuda.

Os proxectos nos que participarán os voluntariados maiores de 55 anos poderán ser dunha das seguintes dez tipoloxías: promoción do Camiño de Santiago e do Xacobeo 2021; recuperación da cultura, a arte e as tradicións galegas; conservación e mellora da natureza e creación de contornas sustentables; igualdade de xénero; innovación e investigación sobre o benestar dos maiores; adecentamento de contornas rurais e urbanas; fomento de uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación; sondaxes sobre as necesidades da veciñanza; eliminación dos estereotipos sobre as persoas maiores e fomento da cooperación interxeracional entre os maiores e a mocidade como xeito de aprendizaxe mutuo.

A XUNTA IMPLANTA UN NOVO CICLO FORMATIVO DE TÉCNICO DE GRAO MEDIO EN PRODUCCIÓN AGROECOLÓXICA PARA O PRÓXIMO CURSO

- ***O ciclo comezará a impartirse nos centros de formación e experimentación agraria de Sergude (Boqueixón) e no Pedro Murias (Ribadeo)***
- ***Dáse así resposta á demanda de actualización de medios e coñecementos derivada do crecemento do sector da agricultura ecolóxica en Galicia***
- ***Nos últimos dez anos, un total de 1.220 alumnos cursaron diferentes ciclos formativos da familia profesional agraria e outras 63.102 persoas participaron na formación continua dirixida ao sector***

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre o novo ciclo formativo de grao medio de técnico en produción agroecolóxica que comezará a impartirse o próximo curso 2019/20 a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal). En concreto, esta nova oferta formativa implantarase en dous centros de formación e experimentación agraria (CFEA): no de Sergude, no concello coruñés de Boqueixón, e no Pedro Murias de Ribadeo (Lugo).

Cada un destes centros dispón de persoal especializado, maquinaria e instalacións equipadas con todos os medios técnicos necesarios para proporcionar unha formación integral nesta materia. Falamos de parcelas rústicas para a produción agropecuaria, unidades de gando vacún, naves-talleres, aulas de transformación de lácteos, invernadoiros, aulas de informática, bibliotecas, laboratorios, salóns de actos etc.

Este ciclo permitirá ás persoas que o cursen incrementar as súas posibilidades de emprego traballando no ámbito da produción ecolóxica nos sectores hortícola, frutícola, gandeiro, de produción de planta, xardinaría, etc.

Estes oferta formativa, que se enmarca no futuro Plan estratéxico de formación que esta axencia pretende desenvolver nos próximos anos, vai destinada tanto a persoas mozas que desexen incorporarse ao sector como a persoas adultas activas ou desempregadas que queiran actualizar os seus coñecementos, proporcionándolles neste caso unha oferta formativa flexible e adaptada que permita conciliar con maior facilidade a vida familiar e laboral e a aprendizaxe. Dáse así resposta á demanda de actualización de medios e coñecementos derivada do crecemento do sector da agricultura ecolóxica en Galicia.

Adaptado aos traballadores

O ciclo, que terá unha duración de 2.000 horas lectivas, impartirase en modalidade ordinaria no CFEA Pedro Murias, con dous anos de duración. Ademais, haberá tamén unha oferta polo réxime de persoas adultas no CFEA de Sergude, co obxectivo de que tamén poidan recibir clases aquelas persoas xa incorporadas ao mundo laboral. Así, facilitaráselles o acceso a este título completo (en tres anos) ou simplemente a parte das asignaturas (módulos), coas cales acadarán diplomas acreditativos habilitantes.

Os alumnos que rematen o ciclo formativo estarán en disposición de realizaren as actividades axeitadas para a obtención de produtos agropecuarios ecolóxicos con técnicas agrícolas e gandeiras que mellorarán a biodiversidade, a estabilidade do medio e a fertilidade do solo en condicións de calidade, aplicando as regulamentacións da produción ecolóxica, de benestar animal, de prevención de riscos laborais e de protección ambiental. Isto permitirá que os alumnos poidan traballar tanto en empresas dedicadas ao cultivo como á produción gandeira ecolóxica, por conta propia ou allea.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Dentro da produción agroecolóxica intégranse todo tipo de sectores: explotacións frutícolas, hortícolas e de cultivos herbáceos ecolóxicos; explotacións pecuarias ecolóxicas; empresas de produción de plantas para xardinaría ecolóxica; institucións de investigación e experimentación en cultivos e en produción gandeira ecolóxica; empresas de servizo á agricultura e á gandería ecolóxica; viveiros e hortas escolares; empresas de certificación de produtos ecolóxicos; granxas-escola e aulas de natureza.

Balance

Nos últimos dez anos, un total de 1.220 alumnos cursaron diferentes ciclos formativos ordinarios da familia profesional agraria nos distintos centros de formación e experimentación agroforestal que ten a Consellería do Medio Rural. Estes datos evidencian o interese dos mozos polo agro galego, que foi en aumento nos últimos tempos.

A consellería ten seis centros na xeografía galega que imparten ciclos medios e superiores. O grao máis demandado é o de aproveitamento e conservación do medio natural, con 318 alumnos inscritos nos últimos dez anos. Este grao medio impártese nos centros de Sergude (concello coruñés de Boqueixón), no de Becerreá e no de Lourizán, situado no concello de Pontevedra.

Ademais, impártese o ciclo superior de xestión forestal e do medio natural que tamén ten unha grande acollida entre os mozos, con 313 estudantes inscritos nos últimos dez anos. Este grao impártese nos centros de Becerreá e no de Lourizán. O outro ciclo superior que se imparte no CFEA de Guísamo, no concello coruñés de Bergondo, é o de paisaxismo e medio rural, con 178 alumnos matriculados.

Tamén se ofrecen os ciclos medios de xardinaría e floraría, con 168 alumnos inscritos nesta última década; o de produción agropecuaria, con 109 estudantes e o de aceite de oliva e viños, con 47 participantes. A maiores, e desde o ano 2016, impártese tamén no centro de Sergude o grao superior de gandería e asistencia en sanidade animal, que xa contou coa participación de 70 mozos.

Doutra banda, ademais dos ciclos oficiais, a Consellería do Medio Rural tamén ofrece formación continua ao persoal do sector agrogandeiro, mediante cursos de fitosanitarios, de benestar animal e de incorporación á empresa agraria, entre outros. Así, dende 2009 impartíronse un total de 2.881 cursos que contaron coa participación de 63.102 persoas. O curso máis demandado nos últimos tres anos foi o de incorporación á empresa agraria, con máis de 8.600 persoas inscritas.